

Unidades didácticas para traballar en liña na aula

Xunto ás unidades didácticas en formato “tradicional”, para usardes en papel, pomos agora á vosa disposición distintos modelos de unidades didácticas deseñadas para traballar en liña na propia aula. Cada unha delas está dirixida a un alumnado diferente: infantil, 1º e 2º de primaria, 3º e 4º e 5º e 6º. Búscase que todas elas sirvan como complemento de traballo á lectura da obra de Manuel María, favorecendo a comprensión e mesmo a implicación activa do alumnado nos traballos que se programaren arredor do poeta.

Para accederdes ás unidades en liña tedes que ir esta [ligazón](#) Como nome de usuario introduce en todos os casos: docente@manuelmaria.com. Como contrasinal deberedes usar: \$\$docente2015\$\$\$. A seguir, poderdes previsualizar cada unha destas unidades e tamén **exportalas**, na opción así denominada, aos vossos equipos.

Moi importante: Para o traballo coas unidades non debes facilitar ao voso alumnado este nome de usuario e este contrasinal, pois o servidor informático no que están aloxadas non está preparado para que estean conectados a un tempo unha gran cantidade de equipos. Unha vez que queirades empregar algunha das unidades deberedes **exportalas** a outro equipo en todos os casos.

Unha vez que descarguedes a unidade obteredes un arquivo ZIP, que poderedes facilitar ao voso alumnado por medios diversos: mediante unha chave USB para que copien o arquivo nos seus equipos, pola nun servidor do centro, subila a Dropbox e darlles a ligazón, etc.). Finalmente cada alumno/a terá que ter unha copia do ZIP no seu computador, que terá que descomprimir nun cartafol (o que quixer). Logo terá que, simplemente, abrir ese cartafol e premer sobre o arquivo “index.html”.